

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 16 de xuño de 2014.

HORA DE COMEZO: 14:10 h.

HORA DE REMATE: 15:05 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño Soliño, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 28 DE MAIO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 28 de maio de 2014.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA COA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS-2014

2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINO PÚBLICO DE CANGAS:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes

de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, tódalas concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ALOCUBANO, C.B. (BAR "ALOCUBANO"), NIF nº E-94.030.046, con enderezo en Rúa Castelao, nº 35-Cangas, para a ocupación de vía pública no referido lugar con mesas e cadeiras, nunha superficie de 60,00 m²., durante a tempada de verán, e 20,00 m²., durante os meses restantes do ano 2014, a instalar en Rúa Cuba, nº 3-Cangas.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MARTÍN OUTEIRAL BASTÓN ("MARTINNUS" TAPERÍA), con DNI nº 36.163.577-X, con enderezo en rúa Eduardo Vicenti, nº 6-baixo-Cangas, para a ocupación de 20,00 m²., con mesas e cadeiras no referido lugar, durante a tempada de verán, **condicionándose a instalación a unha soa fila de mesas á beira da fachada**, para deixar paso suficiente para o paso de peóns pola beirarrúa, por non ter ésta 4,50 m. de anchura.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR GERMÁN CANCELAS SILVA (CAFÉ "PANACOTA"), DNI nº 73.240.537-G, con enderezo na Avda. de Ourense, nº 80-Cangas, para a ocupación de vía pública no referido lugar con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, nunha superficie de 9,00 m²., no referido lugar.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR PABLO PIÑEIRO SANTOS (BAR "LA TABERNA DE SAN GINÉS"), con DNI nº 78.733.747-D, con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 27-1ºG-Cangas, para a ocupación de 24,00 m²., con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, na Avda. Castelao, nº 21-Cangas.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ADOLFINA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, (BAR "STOP"), con DNI nº 35.278.778-K, con enderezo en Estrada de Viso a Vilanova, nº 69-O Igrexario-O Hío, para a ocupación de 24,00 m²., durante a tempada de verán, diante do local sito no referido lugar.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR FRANCISCO JAVIER GRAÑA ABOY (BAR RINCÓN), con DNI nº 53.114.603-J, con enderezo en rúa Cega, nº 4-Cangas, para a ocupación de 32,00 m²., durante a tempada de verán na Avda. Eugenio Sequeiros-Cangas, así como a instalación de 2 barrís en Rúa Cega, nunha superficie de 2,00 m².

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MARCIAL IGLESIAS ESTÉVEZ (BAR "CRISMAR"), con DNI nº 76.834.570-B, con enderezo na Avda. Montero Ríos, nº 5-Cangas, para a ocupación de 9,00 m²., con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, na Avda. Castelao, nº 21-Cangas.

8.- SOLICITUDE PRESENTADA POR RICARDO RODRÍGUEZ GESTIDO (MESÓN "O FORTE"), con DNI nº 35.309.147-F, con enderezo na Avda. Félix Ozámiz, nº 8-Cangas, para a ocupación de 8,00 m2., con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, no referido lugar.

9.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ADRIANO LÓPEZ PARCERO (BAR "KACTUS"), con DNI nº 78.731.983-Q, con enderezo na Avda. Montero Ríos, nº 7-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2., con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, no referido lugar.

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2014, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2014.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

2.B) SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS CON DEFICIENCIAS A SUBSANAR

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder, aos solicitantes que se relacionan de seguido, un prazo último e improrrogable de DEZ DÍAS hábiles, a partir do día seguinte á notificación do presente acordo, para que presenten a documentación pertinente e que se indica a continuación. Se transcorrido o prazo de dez días non subsanan ditas deficiencias, entenderase desistido previa resolución expresa da súa solicitude conforme co artigo 71 da Lei 30/1992.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JULIA CORDEIRO MALLO (TABERNA "O ARCO"), con DNI nº 78.733.222-J, con enderezo en Praza do Arco, nº 8-Cangas, para a ocupación de 24,00 m2., con mesas e cadeiras no referido lugar, durante a tempada de verán. FALTA O DOCUMENTO DO ORAL.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR BEATRIZ MARTÍNEZ MAGDALENO (BAR "O PORTUJÉS"), DNI nº 35.312.807-X, con enderezo en Rúa Benigno Soage, nº 3-Cangas, para a ocupación de vía pública no referido lugar con mesas e cadeiras, nunha superficie de 36,00 m2., durante a tempada de verán, no referido lugar. FALTA O DOCUMENTO DO ORAL.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR AITOR GAYO CURRÁS (BAR "RETRAMA"), con DNI nº 36.169.916-R, con enderezo en Rúa Retrama, nº 3-Cangas, para a ocupación de 36,00 m2., con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, no referido lugar. FALTAN OS DOCUMENTOS DO ORAL E DE LICENZA DE APERTURA.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MONTSERRAT GARCÍA BARREIRO (CAFETERÍA "CANGAS"), con DNI nº 53.110.701-K, con enderezo na Avda. de Lugo, nº 19-2ºD-Coiro, para a ocupación de 4 ,00 m2., durante a tempada de verán, no referido lugar. FALTA DOCUMENTO DE LICENZA DE APERTURA.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR LONA RAJAMAN, (BAR "JOYDONNER KEBAP"), con DNI nº Y-2.857.390-E, con enderezo na Avda. de Marín, nº 7-Cangas, para a ocupación

de 12,00 m2., durante a tempada de verán, diante do local sito no referido lugar. FALTAN OS DOCUMENTOS DO ORAL E DE LICENZA DE APERTURA.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR GABRIELA LAURA AMOEDO BASTOS (CAFETERÍA "CANGAÇEIRO"), con DNI nº 39.487.465-F, con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº -Cangas, para a ocupación de 40,00 m2., con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, no referido lugar en dúas fileiras, debendo respectar paso suficiente para o paso de peóns. FALTAN OS DOCUMENTOS DO ORAL E DE LICENZA DE APERTURA.

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSÉ JOAQUÍN FREIRE RODAL (BAR "OASIS"), en representación de "HOLLYWOOD HOSTELERA, S.L.", con NIF nº B-36.281.772, con enderezo na Avda. de Marín, nº 7-Cangas, para ocupación de 12,00 m2. diante do local sito no referido lugar, durante o ano que andamos. FALTA O DOCUMENTO DO ORAL.

2.C) SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS SOBRE A MESA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda deixar sobre a mesa, pendentes de mellor estudo, as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan:

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JESÚS OTERO FERNÁNDEZ, (CAFETERÍA-BOCATERÍA "EL ESCORADO"), con DNI nº 53.116.064-W, con enderezo en Rúa dos Pinos, nº 7-5º-Coiro, para a ocupación con mesas e cadeiras, diante do local sito na Avda. Félix Ozámiz, nº 15-Coiro, e no Paseo Marítimo de Rodeira (enfrente do antigo INEM).

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a GLADYS MIRANDA UYOQUE, (TAPERÍA "A MEIGA"), con DNI nº 53.117.093-L, en representación de "TAPERÍA A MEIGA", con CIF nº E-36.555.878, con enderezo na Avda. de Bueu, nº 40-5ºD-Cangas, para a ocupación con mesas e cadeiras, diante do local sito en rúa Félix Ozámiz, nº 14-Coiro e na parte traseira do local sito no Paseo Marítimo de Rodeira.

3.- SOLICITUDE DE SONIA PÉREZ DIÉGUEZ (BAR "LA MEDIEVAL"), con DNI nº 39.457.473-F, con enderezo en Rúa Real, nº 58-baixo-Cangas, para a ocupación con mesas e cadeiras a instalar no referido lugar na zona verde ó lado dos xulgados.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ALEXANDRE GONZÁLEZ MOLDES (RESTAURANTE "TÍA BRÍGIDA"), en representación de "TÍA BRÍGIDA, S.L.", con NIF nº B-36.469.310, con enderezo en Rúa do Arco, nº 10-Cangas, para a ocupación con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, no referido lugar. Solicítase a instalación de toldo e de barrís.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a DEL CARMEN MOREIRA ALONSO (BAR "OUTUBRO"), con DNI nº 36.039.065-C, con enderezo en Rúa San José, nº 25-baixo-Cangas, para a ocupación con mesas e cadeiras no referido lugar, desde o mes de xuño ata o mes de setembro do ano que andamos, coa instalación de tres barras de madeira.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 12 DE XUÑO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.881.- A Manuel Soage Guimeráns, con enderezo no Espírito Santo, nº 32-1º-Coiro, para no Espírito Santo-Coiro, en solo urbano, regulado pola ordenanza 7, construír unha vivenda unifamiliar de 71,40 m²., de planta baixa e 14,45 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto básico de decembro de 2013, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

3.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.435.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR ROBERTO GARCÍA LEMOS E GLORIA PEREIRA PORTELA

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 26 de maio de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Roberto García Lemos e Gloria Pereira Lovera, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 1-Cangas, para vivenda sita en Cunchido-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.348.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

3.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.992.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove María José Fernández Alfonso, con enderezo en Outeiro, nº 37-Balea-Darbo, e que consiste nunha división en 4 parcelas netas: a nº 1 de 510,70 m²., nº 2 de 492, 50 m²., nº 3 de 448,20 m²., e nº 4 de 620,60 m²., e catro parcelas de cesión ao vieiro, nº 5 de 65,90 m²., nº 6 de 25,40 m²., nº 7 de 28,40 m²., e nº 8 de 71,30 m²., procedentes de un predio matriz de 2.263,00 m², sito no Outeiro de Balea.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado de abril de 2014.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse á vía pública as parcelas nº 5, 6, 7 e 8.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓN PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

Este punto foi retirado da orde do día.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 31/2013

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 5.6.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 31/2013, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 31/2013

Resultando que no lugar de Erbello, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: instalación dun portal no cerramento existente sen recuado.

Resultando que o día 2 de xuño de 2014, a inspección municipal de obras informa que a licenza nº 23804, concedida pola Xunta de Goberno Local o día 24 de marzo de 2014 legaliza as referidas obras.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Eladio González Martínez, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 31/2013.

5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 6/2013

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 6.6.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 6/2013, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 6/2013

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Resultando que no lugar do Frondoal-Liméns, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal, consistentes en: realizar a construción de cerramento en mampostería e cimentación de formigón en 10,00 m. de lonxitude.

Resultando que segundo consta no expediente son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Rosa González Cayetano, promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, proponhan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser

considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 6/2013.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE VARIACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

6.A) PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/MODIFICACIÓN NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 12.6.14, relativa a modificación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Estanislao Grana García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra).

En vista do informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

MODIFICACIÓN do titular do expediente SAF de libre concorrencia 36008/01/000333, pasando a ser a nova titular Peregrina M. F., por causas sobrevidas na unidade familiar."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL "XIRIA" E O CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVER A "XXXI MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS"

Examinado o convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "XIRIA" e o Concello de Cangas asinado o día 11.6.14, para desenvolver a "XXXI MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio entre a Asociación Cultural "XIRIA" e o Concello de Cangas, asinado o día 11.6.14, para desenvolver a "XXXI MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Cultura e Intervención.

8º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN ÁS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Dase conta de Resolución da Alcaldía do día 9.6.14, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN

SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 28/04/2014 DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, PARA APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN ÁS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Publicada, no DOG núm. 94 do día 19 de maio de 2014, a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia, do día 28 de abril de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014.

Reunindo os requisitos da orde citada e contando Cangas coa única Semana Santa da provincia de Pontevedra declarada de Interese Turístico Galego, declaración publicada no DOG do día 29/11/2012, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Solicitar unha axuda de TRES MIL TRESCENTOS SESENTA E CINCO EUROS (3.365,00 €) para a celebración da SEMANA SANTA-2014.

Segundo.- Declarar que para esta mesma actividade non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención.

Terceiro.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

9º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 TÉCNICO/A DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DO CONCELLO DE CANGAS

Dase conta de resolución da Alcaldía do día 5.6.14, referente a aprobación de bases para a contratación de 1 técnico/a de turismo para as oficinas de turismo do Concello de Cangas, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o contido da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 04/03/2014 (DOG nº 50 de 13/03/2014) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos.

Visto que o Concello de Cangas solicitou a citada subvención e recibiu a proposta favorable a súa concesión o pasado 15/05/2014 (con rexistro de entrada no Concello de Cangas do 21/05/2014) para a contratación de un traballador por 3 meses coas condicións establecidas na convocatoria da subvención.

Visto que a citada proposta expresamente advertía que transcorrido o prazo de dez días para alegacións sen terse formulado estas se ditaría resolución nos mesmos termos da proposta e que o prazo rematou o pasado día 02/06/2014, sen que o concello formulase alegacións.

Visto que nos termos da subvención a contratación que se acometa non pode prolongarse máis alá do remate do mes de setembro e sendo outorgada esta por un período de tres meses, a persoa seleccionada debe iniciar o contrato non máis tarde do vindeiro 01/07/2014 para poder, malia non ter recibido ata o momento.

Por tal motivo procede convocar o proceso selectivo sen demora para cumprir cos prazos establecidos na subvención sendo necesario avogando a competencia delegada por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 16.06.2011, para aprobar as bases de selección, competencia que inicialmente corresponde a esta Alcaldía, segundo o disposto na normativa en vigor, en particular o artigo 21.1.g da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co disposto nos artigos 13 e 14 da Lei 30/1992.

En consideración ao anteriormente exposto RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de 16.06.2011 para aprobar as bases de selección citadas.

SEGUNDO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de 1 técnico de turismo para as oficinas de turismo do Concello de Cangas, ao abeiro da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución do 04/03/2014 (DOG nº 50 do 13/03/2014). Bases que achegocomo anexo á presente proposta de resolución.

TERCEIRO.- Convocar a praza mencionada e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á contratación da persoa seleccionada.

CUARTO.- Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas."

ANEXO:

"BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/A DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 04/03/2014 (DOG Nº 50 DO 13/03/2014)

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de un/unha técnico/a para as oficinas de Turismo para o Concello de Cangas polo sistema de oposición libre, con base na concesión ao Concello de Cangas da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución do 04/03/2014 (DOG nº 50 do 13/03/2014) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos.

A contratación será de carácter laboral temporal por un período de tres meses, na modalidade de acumulación de tarefas ligada ao financiamento derivado do outorgamento da subvención antes citada.

Ás persoas seleccionadas seralles da aplicación o acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello de Cangas.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán español ou atoparse comprendido no eido subxectivo referido no art. 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico esixido nas bases para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias. técnico en empresas e actividades turísticas, ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.*
- e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*
- g) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal (17,04 euros) €, (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do concello).*
- h) Estar desempregado/a.*

TERCEIRA.- SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ELAS

Os/As que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que achega ás presentes bases, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de Anuncios, en horario de atención ó público de 9:30h a 13:30h.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior, se así o esixe o negociado de persoal do concello ou o tribunal de selección.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Os/as interesados/as presentarán as súas solicitudes achegadas da seguinte documentación:

- O modelo de instancia que achega ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.*
- Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI.*
- Fotocopia cotexada do título ou do recibo do depósito do título.*
- Fotocopia cotexada da tarxeta de demandante de emprego en vigor.*
- Resgado acreditativo de ter satisfeito as taxas.*

Toda a documentación non orixinal aportada deberá presentarse debidamente cotexada.

CUARTA.- Admisión dos/as aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da casa do concello.

Os/As aspirantes excluídos/as disporán de 3 días hábiles a contar desde o seguinte ó da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará publico, igualmente, no taboleiro de anuncios da casa do concello.

QUINTA.- Tribunal cualificador.

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco

membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da casa do concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ó proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA.- Sistema de selección.

O sistema selectivo é a oposición libre e consistirá na realización dun exame tipo test de 40 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos, sendo a puntuación máxima 10 puntos esendo necesaria unha puntuación mínima de 5 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados. O exame conterá catro preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver os posibles empates.

TEMARIO

- 1. A administración local. O municipio, Concepto, elementos e organización.*
- 2. Normativa xeral e autonómica en materia turística.*
- 3. A ordenanza de uso e disfrute das praias do termo municipal de Cangas (BOP 25/08/2009).*
- 4. As Instalacións e dependencias do Concello de Cangas.*
- 5. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.*
- 6. Principais festas e eventos do municipio.*
- 7. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais.*
- 8. As praias de Cangas.*

9. *Os aloxamentos turísticos do municipio.*
10. *Plans de calidade turística no Concello de Cangas*

Todos os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.

Os/As aspirantes serán chamados/as para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA.- Cualificación final.

A cualificación final virá determinada pola puntuación obtida na proba selectiva.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación na contestación ás preguntas reserva; de persistir o empate, cunha proba adicional de coñecementos baseada no temario achegado entre os/as aspirantes empatados.

O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios do concello a puntuación obtida polos/as aspirantes.

O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados/as que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución para a contratación do/a candidato/a que acadase a maior puntuación.

O resto dos/as aspirantes, que superando as probas non foran seleccionados/as, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os/as aspirantes con dereito á contratación.

OITAVA.– Publicidade das bases e da convocatoria destas.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello e na paxina web do Concello (www.cangas.org) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias.

O taboleiro de anuncios da casa do concello será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

NOVENA.- Carácter das bases e incidencias.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e ós/ás aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como, para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMA.- Disposición final.

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán seren impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, no Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ao previsto na devandita Lei 30/1992, do 26 de novembro.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DO 04/03/2014 (DOG Nº 50 DO 13/03/2014).

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído/a na relación de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo indicado na cabeceira.

Por medio do presente declara que se atopa en situación de desemprego, non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2014

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- * A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.*
- * Fotocopia cotexada do D.N.I.*
- * Fotocopia cotexada da titulación esixida.*
- * Xustificante acreditativo do pago das taxas.*
- * Tarxeta de demandante de emprego en vigor.*

ALCALDÍA DO ILMO CONCELLO DE CANGAS."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de bases para a contratación de 1 técnico/a de turismo para as oficinas de turismo do Concello de Cangas.

10º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

10.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/AUTORIZACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 11.1.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de autorización de un posto de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello o día 30/05/2014, M^a Carmen Padrón Sieiro, con DNI 34928283T e domicilio en Lobás (Santa Ouxea), n^o 20-32510-O Carballiño, Ourense, solicita autorización para a colocación dun posto de venda ambulante de polbo, na zona do mercado, para os venres.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- Establece o artigo 8 Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. n^o 67, de 8 de abril de 2013) que: 'só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos textís, de pel, calzado, artesanía, cestería, ornato de pequeno volume, material de Nadal, cosmética,

perfumería, quincalla, libros, aparatos de radio, Cd, DVD, plantas, sementes, ferramenta e maquinaria agrícola, xoguetes, árbores e outros análogos.' Así mesmo, o aludido artigo sinala que: *'os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas sen xustificarse a alta no Imposto de Actividades Económicas, nin afiliación a Seguridade Social, previa manifestación de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio procedente de excedentes de produción, que será comprobado (non permitíndose a venda de produtos fóra de temporada).*

Por outra parte, o artigo 9 da referida ordenanza dispón que: 'queda expresamente prohibida a venda ambulante no mercado de animais de compañía, carnes, aves e caza frescas, refrixeradas ou conxeladas, peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite certificada e leite pasteurizada, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados e outras semiconservas, así como, aqueles outros produtos que supoñan un risco sanitario polas súas características a xuízo das autoridades competentes.'

Tendo en conta o preceptuado por estes artigos, e considerando a natureza do produto que pretende comercializar a interesada, cabe concluír que nos atopamos ante un dos produtos cuxa venda ambulante non está autorizada pola ordenanza.

Cabe engadir que o parágrafo segundo do aludido artigo 9, no seu inciso final, establece que se permitirá a venda dos produtos anteriormente citados, cando a xuízo das autoridades sanitarias competentes se dispoña das axeitadas instalacións frigoríficas e os produtos estean debidamente envasados, pero en calquera caso, a interesada, na súa solicitude, non acredita o cumprimento destes requisitos.

2.- Afondando nas condicións esixidas pola Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante respecto da venda de alimentos, cabe facer especial mención aos parágrafos segundo e terceiro do seu artigo 10. Neles establécese, respectivamente, que: 'os artigos á venda deberán cumprir o establecido en materia de sanidade e hixiene especialmente cando se trate de produtos perecedoiros', e que: 'os alimentos cumpriran a normativa sanitaria esixida para cada un deles, sendo indispensable que se presenten, etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa así o esixa. Todos os alimentos deben estar protexidos da contaminación polo po, insectos e outras fontes de sucidade evitando a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e a choiva. Os produtos a granel e sen envoltura deberán expoñerse para a venda protexidos mediante recipientes ou vitrinas que reúnan as condicións hixiénicas esixibles e na súa manipulación, utilizáronse utensilios adecuados.'

Novamente, cabe indicar que a solicitude presentada pola interesada non acredita nin o cumprimento da normativa sanitaria que poida resultar aplicable, nin a adopción das

medidas que garantan a protección dos alimentos, nos termos expresados pola ordenanza.

Tendo en conta o exposto, conclúese que a solicitude presentada por M^a Carmen para a colocación dun posto de venda de polbo no recinto do mercado é claramente incompatible coa ordenanza.

3.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción so seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de venda ambulante de polbo na zona do mercado, presentada o 30/05/2014 por M^a Carmen Padrón Sieiro, con DNI 34928283T, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de autorización de un posto de venda ambulante.

10.B) PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 11.6.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitudes de autorización de postos de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTO DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Os seguintes interesados, por medio de escritos presentados no Rexistro Xeral deste concello, solicitan autorización para a colocación dun posto de venda ambulante no mercado de Cangas:

INTERESADO /A	NIF	ENDEREZO	DATA SOLICITUDE	Nº ENTRADA
<i>M^a ROSA VARELA GONZÁLEZ</i>	<i>52496298V</i>	<i>R/Fuente del Oeste, nº 1-36900,-Marín, Pontevedra</i>	<i>02/06/2014</i>	<i>6536</i>
<i>LAHAD SECK</i>	<i>A0048547I</i>	<i>R/Canteiros, nº 21-36213-Vigo, Pontevedra</i>	<i>05/06/2014</i>	<i>6716</i>

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- Como sinala o artigo 14 da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, de 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados a tal actividade.

Considerando este previsión da ordenanza e tendo en conta a falta do espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos referidos interesados/as.

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberna Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto no mercado ambulante de Cangas presentadas polos anteditos interesados/as.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitudes de autorización de postos de venda ambulante.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 20 TRABALLADORES (18 PEÓNS E 2 CONSERXES) AO ABEIRO DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2014

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

12º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

12.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 124/2014 DITADA O DÍA 30.05.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 299/2013 (X-13/27)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

SENTENZA Nº 124/2014 DITADA O DÍA 30.05.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 299/2013

- Reclamante: Valentín Campos González

- Sentenza: estima o recurso administrativo interposto por Valentín Campos González contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto contra a resolución de 07/06/2013 ditada pola Alcaldía, resolución que se declara non conforme a dereito e se anula nos aspectos referidos no fundamento de dereito segundo da mencionada resolución, con condena en custos a esta administración.

- Recursos: a sentenza non é firme cabendo a posibilidade de interposición de recurso de apelación perante a Sala do Contencioso do TSX Galicia, no prazo de quince días, debendo pronunciarse a XGL sobre a interposición do citado recurso co fin de dar instrucións á defensa do concello.

12.B) DACIÓN DE CONTA DE AUTO DE 03/06/2014 ACLARATORIO DA SENTENZA Nº 120/2014 DITADA O DÍA 26.05.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 276/2013 (X-13/25)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

AUTO DE 03/06/2014 ACLARATORIO DA SENTENZA Nº 120/2014 DITADA EN DATA 26.05.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 276/2013

- Reclamante: Ángel Molanes Fernández

- Sentenza: aclara a sentenza para corrixir o erro existente no fallo desta de tal xeito que onde di: "condeno en custos á parte actora" deberá dicir: "condeno en custos á administración demandada".

- Recursos: contra o auto aclaratorio non cabe sentenza pero a sentenza que aclara non é firme, cabendo a posibilidade de interposición de recurso de apelación perante a Sala do Contencioso do TSX Galicia no prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da notificación do auto (efectuada o 04/06/2014) debendo pronunciarse a XGL sobre a interposición do citado recurso para dar instrucións ao respecto á defensa do concello.

12.C) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 89/2014 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA S/PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 199/2012-MS

Dase conta de sentenza nº 89/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº de Pontevedra, referente a procedemento ordinario nº 199/2012-MS, interposto por "COMUNIDAD DE PROPIETARIOS GENERAL Y GARAJE PÓRTICO".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da sentenza nº 89/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº de Pontevedra, referente a procedemento ordinario nº 199/2012-MS.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/MODIFICACIÓN DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4.6.14 DE PROGRAMACIÓN DE CAMPAMENTOS DE VERÁN-2014

Dase conta de proposta do día 13.6.14 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a modificación do acordo 4.A) de Xunta de Goberno Local do día 4 de xuño do ano andamos, de programación de campamentos de verán-2014, que é como segue:

"José Luis Gestido Porto, Concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado

INFORMA:

Que debido ao cambio por parte da Xunta, na adxudicación dunha instalación para a celebración do campamento de exterior e a redución de días, sendo agora Campamento Espiñeira en Boiro do 14 ó 21 de agosto.

PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a modificación do prezo deste campamento pasando de CIENTO TRINTA EUROS (130,00 €) a CIENTO QUINCE EUROS (115,00 €)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a modificación do acordo 4.A) de Xunta de Goberno Local do día 4 de xuño do ano andamos, de programación de campamentos de verán-2014.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Xuventude, Tesourería e Intervención.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente